



SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Jose Antonio Graña Fernández solicita de Augas de Galicia co CIF: Q1500378C, a legalización de obras no lugar de Mullerboa, parroquia de Fragas (Santa Mariña), Concello de Campo Lameiro (Pontevedra). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W36.57163

Legalización de obras realizadas nas parcelas 247, 240 e 336 do polígono 33 de Campo Lameiro. A actuación consistiu na pavimentación dun camiño situado en zona de servidume do rego Amorín, a instalación de tubaxe de formigón de 500 mm de diámetro no leito e colocación dunha cancela a 2,50 m do dominio público hidráulico, paralela ao rego.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Campo Lameiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ San Salvador, 2-4º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 11 de outubro de 2017

O xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia
P.S. Resoluc. Dirección Augas de Galicia do 20.02.2017

◆ Alberto Bosquet Herreros

